

Cantos de Nadal e dos Cantares de Reis

► Moitas asociacións galegas traballan para manter viva a tradición destas pezas musicais da cultura popular

RAFAEL QUINTÍA PEREIRA

PONTEVEDRA. Dende hai xa algunhas décadas moitas asociacións culturais do país teiman en recuperar e manter viva —onde non se perdeu— a fermosa tradición, tan propia antano do Nadal en Galicia, de ir de casa en casa cantando panxoliñas e pedindo o aguinaldo. En Pontevedra a asociación cultural Os Chichisos, á que me honro en pertencer, leva xa 15 anos con este labor de recuperación, achegándolles ás xentes da Boa Vila este ancestral costume do noso Nadal e converténdose hoxe en día nunha das estampas típicas destas datas na nosa cidade. Nestes anos Os Chichisos, acompañados de dúcias de cativos, levámo-los Cantos de Reis polas rúas e prazas de Pontevedra e de Vigo; polas parroquias de Tomeza, Salcedo, Bértola e Figueirido e incluso participamos no festival de cantos de Reis que cada ano se celebra en Boimorto, A Coruña.

Houbo un tempo, que eu aínda lembro, en que foi tradición habitual nas nosas parroquias ir cantar polas casas nestas festas de Nadal. Grupos de mozas e de mozos percorrían a aldea ou parroquia cantando panxoliñas, cantos de Nadal e cantares de Reis, todas elas fermosas pezas de literatura popular que foron transmitidas oralmente ó longo dos séculos. A cambio, a mocidade solicitaba o aguinaldo, xeralmente en especie (viño, chourizos, touciño, doces, etc.), que despois consumían todos xuntos facendo unha festa ou foliada.

“Os Reises cantamos pedindo aguinaldo/chourizas, touciño pra face-lo caldo/Pra face-lo caldo, pra face-lo caldo/chourizas, touciño pedindo o aguinaldo”.

En Noite Boa, á saída da Misa do Galo, os mozos percorrían a aldea cantando ‘panxoliñas’ ou ‘nadais’ e pedindo o aguinaldo. O día de Nadal facían outro tanto. Na Noite Vella saíase a cantar polas casas os ‘manueis’ e as ‘xaneiras’. Vicente Risco di que en certos lugares tamén se queimaba un moneco para despedi-lo ano, que levábase en procesión polas aldeas e finalmente queimábase na eira.

Nalgunhas zonas de Galicia como en Verín, ou no occidente de Asturias (Ibias), saían máscaras como as do Entroido, sendo o Nadal, dalgún xeito, o preludio da festividade do Entroido. Aínda que o tipo de composición mudase para cada data, a tradición de reunírense os mozos da aldea para iren cantar de casa en casa estas pezas tradicionais era a mesma por todo o país, e o obxectivo tamén era o mesmo: conseguir algo de xantar e algunhas lambetadas para face-la festa. En Nadal cantábanse ‘panxoliñas’ ou ‘nadais’, en Fin de Ano as ‘xaneiras’, ‘manueis’ ou ‘aninovos’ e a véspera de Reis os ‘cantares de Reis’ ou ‘aguinaldos’.

Normalmente os temas das cancións estaban relacionadas co tempo do Nadal e co nacemento de Xesús Cristo. No caso dos cantos de Reis a temática adoita xirar arredor da visita e da adoración dos Reis Magos a Cristo, a fuxida a Exipto ou a viaxe de Nazaret a Belén que fixeron Xosé e María e as peripecias sufridas na procura dun lugar onde parir. Moitos destes cantos son versións populares de pasaxes narradas nos Evanxeos. É interesante destacar que case a totalidade dos cantos de Reis relatan unha viaxe ou falan dun camiño.

“Cara a Belén camiña/unha nena ocupada,/fermosa en canto a ela/san Xosé a acompaña”.

Independentemente de que na Biblia se narren moitas viaxes efectuadas pola Sagrada Familia, é posible que esta temática especial teña tamén certa relación con que o Nadal coincide co período de mínima potencia solar e co intre no que o Sol comeza o seu renacemento cíclico a partir do solsticio de inverno. Dalgún xeito metafórico e simbólico, os cantos representarían esa viaxe mítica do Sol nun tempo de renovación cíclica como o que se produce no Nadal, datas propicias para o nacemento do Salvador, datas do Sol Invicto.

Os cantos de Reis soen comezar cunhas estrofas de presentación dos ‘reiseiros’ nas que se pedía permiso ou licenza para cantar na casa. “De lonxe viñemos/os que aquí chegamos,/se nos dan

licenza/os Reises cantamos”.

A continuación viña o propio relato, ou canto de Reis, e adoitaban finalizar cunha estrofa de loubanza ós da casa onde se cantaba en caso de obte-lo aguinaldo desexado, pero tamén podía rematar dun xeito ferinte, e mesmo insultante, no caso contrario, facéndolles saber ós veciños quen estaba menos disposto a compartilos seus alimentos. “Cantámosche os Reises/do quiquiriquí/se non nos das nada/caghámosche aquí”.

De seguido tocábase unha xota ou unha muiñeira e convidábase os da casa a danzar.

Estes tipos de cantos de Nadal son melodías longas e lentas, cantadas case sen respirar, dun xeito solemne, con multitude de mordentes e adornos propiciados pola gaita. Conforman un estilo propio de canto, guturais, pisando os finais de estrofa cos comezos. Polas letras e melodías destes cantos percíbese que son de corte culto e posiblemente teñan que ver con cantos gregorianos e cantares relixiosos dos séculos XV e XVI que foron adaptados e transformados polo pobo. Moitos deles son en castelán ou castrapo debi-

do á súa orixe nos textos bíblicos ou eucarísticos, que eran sempre nesta lingua, cando non en latín. Outras veces, aínda que foxen en galego, se a casa onde se cantaba era de ‘señoritos’, trocábase nos cantos o galego polo castelán para agrada-los anfitrións.

CANTOS DE REIS. Os cantos de Reis eran interpretados por cuadrillas ou xugadas de homes, mozos e nenos que percorrían as casas dando a boa nova cantando. Nalgunhas parroquias tamén participaban as mulleres aínda que cando casaban adoitaban deixar de ir cantar polas casas. Estes grupos de reiceiros compóñense dun gaitero e dun ou varios cantores e incorporan, ocasionalmente, percusión e instrumentos varios, sobre todo os denominados humildes (botella de anís, cunchas, paus, piñas, etc.) que eran os que se podían atopar facilmente nas aldeas.

Pola zona Sur da provincia de Pontevedra conservan a súa propia tradición de cantos de Nadal. As rondallas e os Ranchos de Reis son a expresión típica destas comarcas. Das rondallas temos cons-

tancia documentada xa no 1920. Estes grupos percorrían a aldea os días 6 e 7 de xaneiro acompañados de instrumentos e pedindo a vontade polas casas e adoitaban tocar muiñeiras, fandangos e pasodobres. Os músicos da rondalla visten dun xeito uniformado, levan capas, usan boina e preside a comitiva un abandeirado. Os Ranchos de Reis son típicos de Redondela, Pontearreas, Mondariz, Salceda de Caselas e outras localidades da comarca do Condado. Saen o 6 de xaneiro e percorren as rúas entoando cantigas populares ó ritmo das pandeiretas e doutros instrumentos que acompañan as danzas. Son unha expresión cultural e musical propia do ciclo do Nadal e de Reis, sobre todo as denominadas ‘danzas brancas’ pola preeminencia desta cor —símbolo de pureza— na vestimenta dos danzantes. As danzas que se executan son xeralmente de paus, arcos, cintas ou castañolas. Adoitaban executarse na procesión ou á saída da igrexa, onde tamén había costume de cantar estas cantigas de Nadal no transcurso da misa.

No caso das danzas de paus de cintas é interesante mencionalo seu posible significado solar vinculado ó ciclo anual do Sol: nelas dánzase ó redor dun pau central con fitas de cores que son sostidas polos danzantes que se entrecruzan e trazan círculos cada vez máis pequenos mentres as van trenzando sobre este eixo ata quedaren tódalas fitas trenzadas no pau. Despois, destrenzanas ata abriren totalmente o colorido círculo de fitas simbolizando, dalgún xeito, o renacer anual do Sol tralo solsticio de inverno.

Hoxe, moitas das vellas tradicións e dos antigos ritos perdéronse e outras van camiño de esmorecer, pero aínda hai xente que se resiste a perder parte do que conforma a nosa identidade como pobo e, paseniñamente, co seu calado traballo fan posible que se manteña vivo o antergo lume da nosa cultura popular que, como o máxico Tizón de Nadal, quenta, protexe e alumea nun tempo de tebras e futuro incerto.



Cantos de Reis. RQP